



VALDEORRAS Miña noiva, Miña terra: Á beira do Sil deitada, para ollar a túa beleza do mesmo xeito que a “Venus do espello”, nel se contempla. Terra de curvas tan dóces coma os peitos dunha nena e de recendente aroma coma o alento dunha deusa. Verde mantelo de vides, cobre o teu corpo de femia lanzal e morada cofia amostras na nobre testa. Tecéronche os castaños un refaixo de candeas , que loces antre a ledicia das festas da primavera. Para poñer en col do seo , ao servizo da maxeza da túa cara, a centos teis nos xardíns da túa ribeira	frores: no toxal chorimas meigas estrelas da terra por feras poutas gardadas cal por dragós as princesas, nos carreiros margaridas, nos cómaros primaveras, madresilvas nas carrúas , no medio das poulas , névedas, bititroques nos valados, violiñas antre as pedras, coallada neve de rosas pendurada nas cerdeiras miña fada garimosa , miña noiva feiticeira: ¡Quén, no teu tépedo colo, pra sempre acougar poidera! ¡quen poidera, cos teus brazos, cinguirse en eterna aperta! Florencio Delgado Gurriarán.
---	---

Anota as palabras erradas que vexas e indica a súa corrección:

NÉVEDA: NÉBEDA, BITITROQUE: BILITROQUE (dedaleira).....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Mide os versos e anota a rima

Que número de sílabas abonda? Rima:

Busca no dicionario as palabras marcadas en negro e fai resume ou sinónimo:

.....	
.....	
.....	
.....	
.....	
.....	
.....	
.....	
.....	
.....	



.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Que significará:

MORADA COFIA

POR FERAS POUTAS GARDADAS

Que son esas dúas expresións?

Fai metáforas coas seguintes palabras:

MAR:.....

MONTAÑAS:.....

RÍOS:

ÁRBORES:

Anota todas as plantas/flores que atopes no poema:

.....

.....

.....

Le a derradeira estrofa.

Quen, no teu tépedo colo, pra sempre acougar puidera! quen puidera, cos teus brazos, cingirse en eterna aperta!	Que é o que Gurriarán quere dicir aquí?
--	--

Rodea as frases verdadeiras referentes ao poema:

FLORENCIO FALA BEN DE VALDEORRAS

O POEMA FALA DA PAISAXE MARINEIRA

O POEMA DESTACA A PAISAXE NEVADA

CITA VARIOS TIPOS DE PLANTAS NO POEMA

VALDEORRAS ESTÁ EN LUGO

EN VALDEORRAS PRODÚCESE VIÑO

COMPARA VALDEORRAS CUN PAI AGARIMOSO

PARA EL VALDEORRAS É UNHA MULLER

A SÚA VILA ESTÁ A CARÓN DO RÍO MIÑO

NO POEMA FALA DE DÚAS ÁRBORES